



## ÍNDICE - SUMARIO

N.º 213

Volume XLIII

maio - xuño 2019



### **Guieiro**

por Pedro Castelao 3

### **Estudos**

O tema LGTB nas relacións entre a relixión e a moral  
por Andrés Torres Queiruga 5

Benvido ao meu mundo...! (notas sobre a recepción dun bombazo)  
por James Alison 21

### **Achegas**

Perdoar aos que me perseguen: ser homosexual na Igrexa hoxe  
por Antonio Cosías Gila 42

Acollida LGBT. Riqueza e diversidade da creación de Deus  
por Margarita Benedicto, Carmen Luz Güemes Álvarez, Marisol Ortiz 61

Experiencia de acompañamento a unha comunidade  
de cristiáns e cristiás LBGTI  
por Fátima Carazo e José Antonio Suffo 76

### **Fiesta aberta**

Unha opción eclesial sen retorno: un Evanxeo poliédrico para unha  
Igrexa poliédrica nunha sociedade poliédrica  
por Almudena Suárez Cerviño 83

### **Documento**

Serei inmensamente ditoso da vosa felicidade  
por Fr. Santiago Agrelo 99



### **Crónica**

**Carta desde a banda da esperanza**  
por Manuel Regal Ledo 102

### **Recensións**

*Tender un puente*  
por Grupo Comunicación Loiola 115

*Cómo leer la Biblia y seguir siendo cristiano. Luchando con la  
violencia divina desde el Génesis al Apocalipsis*  
por Ramón Cao Martínez 117

### **Ilustracións**

por Soedade Pite 67, 79



A homosexualidade non é unha patoloxía. É unha variedade perfectamente lexítima de vivir o amor humano. Unha variedade minoritaria de orientar a totalidade da existencia que procura e atopa nas persoas do mesmo sexo esa presenza desexada que os heterosexuais buscan no sexo oposto.

A condición homosexual pertence intrinsecamente a quen a posúe. Nin se cura co tempo nin é un mero froito ambiental de factores externos. Responde, como a heterosexualidade, a factores fisiolóxicos, psicolóxicos e anímicos que nacen co individuo e que, por máis que precisen dun necesario proceso de aclaración, maduración e desenvolvemento, non son consecuencia de influencias adventicias alleas á constitución da persoa.

As persoas LGTBI non precisan terapia, senón liberdade, aceptación e recoñecemento. Temos que acostumarnos a pensar naqueles que non se axustan ao patrón maioritario coa lóxica da diversidade, non coa da exclusión.

Non coñezo nada máis efectivo para derrubar prexuízos homófobos que achegarse e escoitar ás persoas concretas que comparten os chanzos máis decisivos da propia biografía.

Encrucillada ofrece neste número diversos anacos de existencia extraordinariamente interpelantes. Tres achegas serven de exemplo: Antonio Cosías, en íntima confesión, nárranos, con axuda de textos bíblicos, o seu proceso persoal de dolorosa negación, afirmación difícil e reconciliada reintegración da súa homosexualidade ante Deus nun nada doado contexto eclesial.

Desde Madrid, Chile e Barcelona, tres nais –Margarita Benedicto, Carmen Luz e Marisol Ortiz– comparten a súa conmovedora experiencia de incertezas, dúbidas e medos vividos sempre en clave relixiosa ante o espertar homosexual dos seus respectivos fillos. Difícil non empatizar con elas ao poñérmonos, como lectores, no seu lugar.

Fátima Caranzo e José Antonio Suffo fálannos da súa experiencia de acompañamento nunha comunidade de vida cristiá en Sevilla: Ichthys CVX. Resistencias inerciais, prexuízos eclesiais, literalismos bíblicos, todo un mundo de dificultades que se enfrontan

mellor na compañía dunha familia aberta ao distinto e sen medo a explorar camiños de proximidade e acollida.

Pero a vida precisa igualmente de reflexión e teoría, porque os vellos hábitos do pensamento non se superan unicamente pola forza da vida, senón que tamén precisan de visións, razóns e argumentos que desaten os nós fortemente tecidos co devir dos séculos e sitúen a existencia nun novo marco global.

Para cumprir esta función publicamos os iluminadores traballos de dous teólogos, Andrés Torres Queiruga e James Alison.

O artigo de Torres Queiruga apunta ao problema estrutural de fondo: a relación entre relixión e moral, propoñendo a autonomía horizontal desta –como busca do mellor para todos os seres humanos– concibindo a aquela como estímulo e fundamento último que axude a vivir as esixencias morais que a todos nos obrigan. Na aplicación final á cuestión LGTBI verá o lector a fecundidade do seu enfoque.

O escrito de James Alison é, formalmente, unha nota bibliográfica que, porén, alcanza o corpo dunha reflexión xenuinamente propia. Co gallo da publicación do polémico libro de F. Martel sobre a homosexualidade na Igrexa, o autor aproveita a ocasión para afondar en implicacións máis teolóxicas, e sobre todo, para encarar os desafíos á formación sacerdotal en relación co celibato e a integración da sexualidade no ministerio ordenado.

Ademais de todo isto, publicamos, tamén, un artigo de Almudena Suárez sobre a comunicación do Papa Francisco que completa un estudo iniciado no número anterior. Igualmente poñemos nas mans dos lectores a carta de despedida da diocese de Tánxer do bispo Agrelo.

A crónica da Igrexa, sempre viva e atenta ao acontecer eclesial e algunhas recensións pertinentes, xunto cos debuxos de Soedade Pite, completan un número que agardamos que sexa do voso agrado.

**Pedro Castelao**

